



LUIS GABÚ

ARTE E RITUAL NA CATEDRAL DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA

LUIS GABÚ

ARTE E RITUAL NA CATEDRAL DE SANTIAGO

SANTIAGO DE COMPOSTELA · TOQUIO
2014

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conselleiro

Xesús Vázquez Abad

Secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala

Secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

CONSORCIO DE SANTIAGO

Presidente

Ángel Currás Fernández

Vicepresidentes

Pilar Platero Sanz e Xesús Vázquez Abad

Xerente

María Antón Vilasánchez

INSTITUTO CERVANTES

Director

Víctor García de la Concha

Secretario xeral

Rafael Rodríguez-Ponga Salamanca

Directora de Cultura

Montserrat Iglesias Santos

Director do Instituto Cervantes de Toquio

Antonio Gil de Carrasco

EXPOSICIÓN

Organizan

Xunta de Galicia

Consortio de Santiago

Instituto Cervantes

Coordinación técnica

Luis López Gabú

Montaxe

Colatec

CATÁLOGO

Edita

Xunta de Galicia

Coordinación editorial

Luis López Gabú

Deseño e maquetación

Estudio hMd [Herminio Martínez Diseño]

Impresión

Gráficas Anduriña

Depósito legal: C 556-2014



A mirada de Luis Gabú tráenos novas dimensións na vitalidade do gran punto de destino da espiritualidade europea, que este ano conmemora o 800º aniversario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela. A súa mirada, afeita a descubrir o marabillosamente humano en lugares culturalmente moi afastados de nós, cobra a distancia suficiente como para nos devolver desde o máis sinxelo instantes detidos no silencio, no que o habitual perde a súa calidade de evidente, cunha renovación realizada por quen nos ofrece a visión esencial do milagre.

Desde a Consellería de Cultura e Educación sentímonos compracidos e orgullosos por participarmos nesta excelente mostra do labor dun fotógrafo que renova a interpretación verbo do fenómeno xacobeo e a arte abeirada na basílica compostelá; o punto de destino na peregrinación e as relacións harmónicas das forzas da natureza nas paraxes que visita a gran viaxe de exploración interior que se lle revela ao peregrino.

Gabú sitúa nun tempo presente o valor de milenios; devólvenos a mensaxe ancestral da peregrinación e demostra, nunha magnífica galería fotográfica, a proxección da Galicia actual, no que atinxe á concordia, á comprensión e á integración dos seres humanos nun proxecto común, con espazo grato para calquera persoa chamada a construír as novas formas de relación que precisa a humanidade.

Nun tempo de distancias ben curtas entre as sociedades do planeta, entendemos como esencial para o noso desenvolvemento un discurso coma o proposto nesta ocasión, con capacidade de impacto e de apertura; cun modelo silencioso e profundo para situar Galicia no recoñecemento da nosa cidadanía, e para que as retinas de quen nos visitan leven ao exterior o máis intenso e acougado da nosa realidade.

Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia

Para contemplarmos as fotografías que nos amosa nesta exposición Luis Gabú, temos que deixar por un momento o ritmo vertixinoso que a vida cotiá nos impón; debemos contemplar as súas imaxes con acougo, pois estas transmítennos ao mesmo tempo tranquilidade, calma, paz, serenidade...

Na súa xa longa traxectoria como fotógrafo, viaxa sen cesar e capta a través dos seus obxectivos aquelas miradas que en segundos se perden, que nos trasladan preguntas para as que non temos resposta; rostros duros nos que non agroma nin un sorriso finxido.

Tras as súas exitosas exposicións sobre da espiritualidade en África e en Asia, hoxe presentamos a súa visión da alma da catedral de Santiago; a súa substancia espiritual, os seus ritos, a súa arte.

Gabú estuda con detención cada paso que dá, reflexiona verbo do lugar no que se atopa, o que quere transmitir e como o quere plasmar; valora o poder da luz –a diferentes horas do día– que entra polos rosetóns e fiestras románicas, o movemento pendular do botafumeiro. Analiza os xestos descoidados das persoas; extrae o momento preciso para o disparo certo da súa cámara. Son instantáneas calculadas ao máximo, sen deixar nada ao chou, que nos transmiten unha imaxe poética dun espazo duro, pétreo.

A catedral de Santiago é o edificio máis fotografado da nosa cidade e por iso cremos que xa está todo realizado neste sentido, pero cando observamos as instantáneas de Gabú pensamos que non todo está visto e enxergado, que aínda queda lugar para a sorpresa e a orixinalidade, que aínda quedan multitude de momentos que ao ollo inquisidor do artista inqueda non lle deben escapar.

vDesexamos que esta exposición *Arte e ritual na catedral de Santiago* consiga o mesmo éxito ca as realizadas ata hoxe por Luis Gabú e agradecemos a colaboración entre o Consorcio de Santiago e mais a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que poidamos gozar na nosa cidade desta magnífica exposición.

Ángel Currás Fernández
Alcalde e presidente do Consorcio de
Santiago

O Instituto Cervantes ten a satisfacción de se sumar a este novo proxecto que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia organiza para salientar a universalidade e a importancia cultural do fenómeno xacobeo e as peregrinacións a Santiago de Compostela.

Arte e ritual na catedral de Santiago recolle unha selección de fotografías de gran formato do fotógrafo galego Luis Gabú, realizadas durante o Ano Santo Xacobeo 2010. As súas instantáneas non supoñen unha simple documentación da experiencia, senón que xorden do profundo estudo verbo da relixiosidade e das peregrinacións que realizou o autor ao longo dos anos por todo o mundo, unido ao seu persoal coñecemento da catedral de Santiago.

Luis Gabú consegue unha unidade nas súas imaxes a partir do contraste entre os opostos –entre as luces e as sombras; entre o movemento e a calma, entre a serenidade do camiño e a paixón dos rituais–, que pode apreciarse e apreenderse universalmente, máis aló dos idiomas e das relixións.

A itinerancia deste proxecto chegará a Asia en 2014, a través do centro que o Instituto Cervantes ten na cidade de Toquio, un dos máis importantes de toda a súa rede; aberto á potente vida cultural da cidade e en constante diálogo tanto co conxunto das embaixadas iberoamericanas presentes, coma coas institucións culturais e as universidades de maior importancia e prestixio de Xapón.

A difusión do noso patrimonio cultural forma parte dos obxectivos esenciais do Instituto Cervantes. Esta exposición que agora se amosa en Toquio é un exemplo do interese común que nos une con institucións coma a Xunta de Galicia, coa que compartimos proxectos que poñen en relevancia a nosa rica e diversa identidade cultural.

Instituto Cervantes

Esta exposición que se presentou no Museo Nacional de Antropología de Madrid do 6 de xuño ao 1 de setembro de 2013, baixo o comisariado de Pilar Corredoira López, implicou para min un gran reto artístico. Tentaba esculpir cunha cámara fotográfica a emoción e paixón do ritual na catedral de Santiago e nos camiños nados dela; implicábame como artista para seducir en todo momento un gran deus ou deusa, e que mellor ca o máis universal e venerado durante miles de anos polo home en todas as culturas do mundo, desde Xapón, coa súa deusa Amaterasu, ata o antigo Exipto, co deus Ra; desde a antiga Grecia, con Helios, ata os aztecas, con Tonatiuh...

Hipnotizar cos meus ollos ese deus, o deus **Sol**, era vital para que me acompañase a cada suxestivo e misterioso recanto da catedral, para poder crear un universo de luces e sombras, esas luces e sombras que me acompañaran polas Áfricas espirituais durante moitos anos, desde Haití a Somalia.

Nas Áfricas, a sedución desa deusa ou deus Sol era unha tarefa fértil, pero como seducir nunha terra de nubes e brétemas o deus Sol para o introducir na catedral? Esa foi a miña obsesión durante todo o proceso creativo para poder manter a liña dos meus anteriores proxectos.

Necesitei analizar, estudar, reflexionar e tomar notas sobre os movementos do sol arredor da catedral; cómo se comportaría en cada hora, día, mes ou estación do ano, para o facer coincidir cos horarios de culto. Fixen a miña propia cartografía do sol con respecto á catedral e a súa penetración nela, para poder marcar o estilo que levara nas miñas series da espiritualidade africana e seguir así a liña artística e intelectual de luces e sombras que quixen aplicarlle á espiritualidade, no máis amplo sentido da palabra e en diferentes relixións.

Nestes proxectos sempre tratei de pensar como escultor e non como fotógrafo. Tentei esculpir coa mentalidade do artista que lle deu volume ao Pórtico da Gloria ou á escultura que retratei cos ollos vendados e un cáliz na súa man, do que para min aboiaba o sol que eu procuraba, pero que ela rexeitaba cos ollos cubertos cunha venda.

Utilicei o sol coma o cicel que baleira a pedra, a pedra da escuridade, para así golpear de xeito minucioso ou contundente, pero sempre coa intención de o facer no punto preciso, sen que escache esa pedra da escuridade. Busquei darlle forma escultórica á fotografía, darlle **atmosfera** e forma, e evitar as imaxes planas e baleiras.

No final do Camiño de Santiago seguí a procurar o sol, o sol que lle dá forma á miña concepción artística dos grandes templos do Camiño, que para min son as súas árbores e o ritual abstracto das súas pólas. Tratei de buscar nelas o movemento e a complicidade de luces e sombras que captara na toma do alzamento do botafumeiro (páxina 28). Esa atmosfera na miña obra do botafumeiro e a influencia da pintura de Antonio Saura motivoume para crear unhas composicións abstractas que denominei “O ritual do Camiño”. Ese ritual do Camiño que non só invita a camiñar, senón tamén a se deter para contemplar e venerar esas catedrais arbóreas que nos brinda o Camiño, e cuxos suxestivos troncos e pólas simulan ser as columnas deses templos da natureza que envolven e atrapan o peregrino.



LUIS GABÚ. ARTE E RITUAL NA CATEDRAL DE SANTIAGO

O fotógrafo e artista Luis Gabú prolonga nesta exposición a súa visión da espiritualidade reflectida noutros dos seus traballos fotográficos, aínda que neste caso non en países alleos, senón na súa propia terra, na fin do Camiño de Santiago e no interior da catedral desta cidade.

Este proxecto expositivo, que chega en 2014 á sede da praza de Praterías do Museo das Peregrinacións e de Santiago, en Santiago de Compostela, e ao centro do Instituto Cervantes de Toquio, amosa unha selección de pezas fotográficas de gran formato, realizadas por Luis Gabú como resultado da súa experiencia e investigacións realizadas verbo do fenómeno xacobeo e as peregrinacións a Santiago de Compostela e á súa catedral.

Desde a súa visión artística e poética, afonda no coñecemento destes movementos espirituais e achega, mercé á especial mirada arredor das persoas de diferentes nacionalidades e continentes que chegan á catedral compostelá, despois dun longo percorrido, non exento de dificultades e de experiencias, a propia visión dun feito de forte tradición na cultura europea que sobrevive desde o século XII, no que destacan entre as súas principais calidades a harmonía e a pacífica convivencia.

A obra exposta ofrece unha dobre visión interior da catedral de Santiago de Compostela: un diálogo visual e artístico entre a lene calma e o estarrecedor movemento. A diferenza doutros templos relixiosos no mundo, a catedral de Santiago preséntalle ao peregrino, dentro do seu culto e ritual, no só a paz e a serenidade, senón tamén o enérxico movemento controlado do purificador e fumegante botafumeiro, que oscila sobre as cabezas dos peregrinos, para debuxar co seu fume os trazos e as caligrafías dos camiños de Santiago. Esta catedral, que desde o século XII representa e acolle ao apóstolo Santiago, non podería abrirse ao mundo dun xeito máis representativo e diferenciador no seu ritual: a unión entre a forza e a paz, entre a intensidade e a reflexión.

Desde o punto de vista artístico, o autor mantén a linguaxe doutros proxectos, que consiste na utilización dos contrastes entre luces e sombras, por ser en certo modo estes contrastes os que tratan de explicar, organizar e darlles sentido ás diferentes relixións do mundo: a vida e a morte, o ben e o mal, a verdade e a mentira.

As imaxes expresan en toda a súa riqueza visual e espiritual unha evidente carga poética que acompaña a realidade na que se tomaron. Foron captadas no transcurso do Ano Santo (Xacobeo) 2010 e reflecten con precisión a intimidade dun mundo verídico, pero ao mesmo tempo máxico, configurado pola presenza dos peregrinos na súa viaxe ou inmersos na relixiosidade envolvente dos rituais no impactante, hipnótico e misterioso escenario da catedral de Santiago de Compostela.

LUIS GABÚ

Luis López *Gabú* naceu na Coruña, España, aínda que unha parte da súa vida transcorre en viaxes solitarias polos lugares “onde habita o esquecemento”, aqueles que adoitan estar fóra do mapa mental dos occidentais. Todos eses espazos marcarán a súa vida e a liña artística da súa obra, nun intento de os captar dun xeito máis intimista e persoal, tanto na súa obra fotográfica coma na pictórica.

A súa traxectoria creativa procede dunha forte vocación artística, unida ao desexo de indagar outras formas de vida, outras culturas que amosan orgullosas a diferenza nun mundo globalizado. A través delas, o autor comparte unha mirada particular cargada de connotacións antropolóxicas, coa intención, consonte as súas propias palabras, de “rescatar aqueles costumes dun pasado intemporal e situalos no contexto actual”.

As súas primeiras etapas transcorren en Brasil, na zona da Amazonía e a preamazonía, mais tamén en Haití, Cuba, Santo Domingo ou Colombia. Posteriormente comeza o seu ciclo máis africano, que se inicia con viaxes a Guinea Bissau, onde dá os primeiros pasos da suma de varios proxectos dentro do que o artista denomina “África espiritual”, que percorre a diversidade espiritual africana desde Senegal deica Somalia, pasando por Mali, Alxeria, Marrocos e Etiopía, para retratar así cinco formas de espiritualidade africana: islam, vudú sincrético, animismo, o cristianismo máis puro e orixinal, e as maternidades baixo o feitizo e a visión da arte africana tribal. Resultado deste traballo son as exposicións *Vudú, o camiño negro a Santiago, Madrasas de África, Cristiáns puros de África, Áfricas, de Haití a Somalia...*

Web Luis Gabú: www.luisgabú.com

○ RITUAL · EL RITUAL



O gran raio de luz
El gran rayo de luz



A luz
La luz



Serenidade
Serenidad



A bendición
La bendición



Início do ritual
Inicio del ritual



O gran botafumeiro
El gran botafumeiro



Lanzamento
Lanzamiento



O gran ritual I
El gran ritual I



O gran ritual II
El gran ritual II



Violento movimento
Violento movimiento



O repouso
El reposo



O 25 de xullo
El 25 de julio



A fin
El final



Cruz, luz e sombra
Cruz, luz y sombra



A procesión
La procesión



Feridas de Xesús
Heridas de Jesús



Feridas do peregrino
Heridas del peregrino



O chan da catedral
El suelo de la catedral



Entrada á catedral
Entrada a la catedral



A sombra dos peregrinos
La sombra de los peregrinos



As cruces de Santiago
Las cruces de Santiago



Os ollos ocultos á luz
Los ojos ocultos a la luz



○ CAMIÑO · EL CAMINO



Peregrinos e natureza
Peregrinos y naturaleza



O símbolo do Camiño
El símbolo del Camino



A frondosidade do Camiño
La frondosidad del Camino



O ritual da natureza
El ritual de la naturaleza



O peregrino
El peregrino



Ritual do Camiño I
Ritual del Camino I



Ritual do Camiño II
Ritual del Camino II



Arte e natureza
Arte y naturaleza



O templo e o labirinto
El templo y el laberinto



Misterio
Misterio



Labirinto
Laberinto



Encuentro. Atardecer
Encuentro. Atardecer



Encontro. Noite
Encuentro. Noche



Fisterra
Finisterre



Fisterra
Finisterre



Néboa
Niebla



O horizonte da catedral
El horizonte de la catedral

BREVE TRAXECTORIA ARTÍSTICA



LUIS LÓPEZ GABÚ

A obra artística deste fotógrafo e pintor nacido na Coruña baseouse na influencia das súas estancias na África subsahariana (Guinea Bissau, Guinea, Mauritania, Senegal, Maliana), Etiopía, Somalia, Magreb, Amazonia brasileira, Colombia, Cuba, Santo Domingo, Haití e Indochina (Birmania, Thailandia, Laos e Vietnam).

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

Instituto Cervantes de Toquio. Xapón. 2014
Museo das Peregrinacións e de Santiago. Santiago de Compostela. 2014
Teatro Talía. Pto. San Julian, Patagonia. Arxentina. 2014
Museo Nacional de Antropología. Madrid. 2013
Club Español de Buenos Aires. Arxentina. 2013
Palacio Municipal. Kiosco Alfonso. A Coruña. 2011
Caixa Nova Sede Central. Vigo. 2010
Casa da Parra. Santiago de Compostela. 2010
Museo das Peregrinacións e de Santiago. Santiago de Compostela. 2010
Centro Cultural da Deputación Provincial de Ourense. Ourense. 2010
Galería Moretart. A Coruña. 2009
Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela. 2009
Museo Nacional de Antropología. Madrid. Outubro 2008 - marzo 2009
Consulado de España en Hannover. Alemaña. 2007
Pazo da Cultura de Pontevedra. Pontevedra. 2007
Galería Pardo Bazán. A Coruña. 2007
Galería Arte Imagen. A Coruña. 2007
Fundación Eugenio Granell. Santiago de Compostela. 2006
Museo Nacional de Antropología. Madrid. 2006
Galería Pardo Bazán. A Coruña. 2006
Fundación Araganey. Santiago de Compostela. 2006
Biblioteca Pública González Garcés. A Coruña. 2005
Galería Arte Imagen. A Coruña. 2005
Biblioteca Provincial de Lugo. Lugo. 2005
Castelo de Santa Cruz. Oleiros (A Coruña). 2004
Sala de Exposicións Forum Telecom. Lisboa. 2004
Galería Sargadelos. Vigo. 2003
Galería Arte Imagen. A Coruña. 2002
Galería Sargadelos. Lugo. 2001
Museo dos Muíños. Culleredo (A Coruña). 1999
Fundación Araganey. Santiago de Compostela. 1999

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS

Participou en exposicións e certames colectivos de fotografía, tanto en centros nacionais coma no estranxeiro.

PREMIOS, MENCIÓNS E OUTROS

Equipo Proxecto Antolóxica Tovar. Fundación Eugenio Granell, 2014.

Segundo premio no Salón de Outono de Pintura da Academia Galega de Belas Artes, 2008.

Proxecto Endesa - Cota 332. 2008.

Premio Isaac Díaz Pardo 2007.

Proxecto Camada Mineira de Galicia, 2007.

Revela, 2006. Participación.

Salón de Outono da Coruña, 2006.

Catálogos do I e II Simposio Internacional de Escultura Pazo de Mariñán, 2006 e 2007.

Encontro de Artistas e Poetas. Pazo de Mariñán, 2006 e 2007.

Proxecto artístico-documental Vudú, el camino negro de Santiago.

Finalista no certame de Cambre en 2001 e 2003.

Primeiro premio Centenario da Seguridade Social 2000.

BIBLIOGRAFÍA

Luis Gabú. Arte e ritual na catedral de Santiago. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2014.

Áfricas, de Haití a Somalia. Luis Gabú. A Coruña, Concello da Coruña, 2011.

Cristianos puros de África. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2010.

Asia, deseando amar. Moretart, 2009.

Madrasas de África. Madrid, Museo Nacional de Antropología, Ministerio de Cultura, 2008.

I Simposio Internacional de Escultura Pazo de Mariñán. A Coruña, Deputación da Coruña, 2007.

Vudú, o camiño negro de Santiago. A Coruña, Deputación da Coruña, 2006.

Territorios. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2005.

Web Luis Gabú: www.luisgabú.com



Luis Gabú con Tovar, o pintor surrealista dominicano-parisiense, no seu estudio de Jarabacoa. 2013.

Luis Gabú con Tovar, el pintor surrealista dominicano-parisino, en su estudio de Jarabacoa. 2013

TEXTOS EN CASTELLANO

La mirada de Luis Gabú nos trae nuevas dimensiones en la vitalidad del gran punto de destino de la espiritualidad europea, que este año conmemora el 800º aniversario de la peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela. Su mirada, acostumbrada a descubrir lo maravillosamente humano en lugares culturalmente muy alejados de nosotros, cobra la distancia suficiente como para devolvernos desde lo más sencillo instantes detenidos en el silencio, en el que lo habitual pierde su calidad de evidente, con una renovación realizada por quien nos ofrece la visión esencial del milagro.

Desde la Consellería de Cultura y Educación nos sentimos complacidos y orgullosos por participar en esta excelente muestra de la labor de un fotógrafo que renueva la interpretación respecto del fenómeno jacobeo y el arte albergado en la basílica compostelana; el punto de destino en la peregrinación y las relaciones armónicas de las fuerzas de la naturaleza en los parajes que visita el gran viaje de exploración interior que se le revela al peregrino.

Gabú sitúa en un tiempo presente el valor de milenios; nos devuelve el mensaje ancestral de la peregrinación y demuestra, en una magnífica galería fotográfica, la proyección de la Galicia actual, en lo que atañe a concordia, comprensión e integración de los seres humanos en un proyecto común, con espacio grato para cualquier persona llamada a construir las nuevas formas de relación que necesita la humanidad.

En un tiempo de distancias muy cortas entre las sociedades del planeta, entendemos como esencial para nuestro desarrollo un discurso como el propuesto en esta ocasión, con capacidad de impacto y de apertura; con un modelo silencioso y profundo para situar a Galicia en el reconocimiento de nuestra ciudadanía, y para que las retinas de quienes nos visitan se lleven al exterior lo más intenso y sosegado de nuestra realidad.

Xesús Vázquez Abad
Consejero de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia

Para contemplar las fotografías que nos muestra en esta exposición Luis Gabú, tenemos que dejar por un momento el ritmo vertiginoso que el día a día nos impone; debemos contemplar sus imágenes con sosiego, pues éstas al mismo tiempo nos transmiten tranquilidad, calma, paz, serenidad ...

En su ya larga trayectoria como fotógrafo, viaja sin cesar y capta a través de sus objetivos aquellas miradas que en segundos se pierden, que nos trasladan preguntas para las que no tenemos respuesta; rostros duros en los que no aflora ni una sonrisa fingida.

Tras sus exitosas exposiciones sobre la espiritualidad en África y en Asia, hoy presentamos su visión del alma de la catedral de Santiago, su sustancia espiritual, sus ritos, su arte.

Gabú estudia con detenimiento cada paso a dar, reflexiona sobre el lugar en que se encuentra, lo que quiere transmitir y cómo lo quiere plasmar; valora el poder de la luz –a diferentes horas del día– que entra por los rosetones y ventanas románicas, el movimiento pendular del botafumeiro. Analiza los gestos descuidados de las personas; extrae el momento preciso para el disparo certero de su cámara. Son instantáneas calculadas al máximo, sin dejar nada al azar, que nos transmiten una imagen poética de un espacio duro, pétreo.

La catedral de Santiago es el edificio más fotografiado de nuestra ciudad y por eso creemos que ya está todo realizado en este sentido, pero cuando observamos las instantáneas de Gabú pensamos que no todo está visto y escudriñado, que aún hay lugar para la sorpresa y la originalidad, que todavía quedan multitud de momentos que al ojo inquisidor del artista inquieto no se le deben escapar.

Deseamos que esta exposición *Arte y ritual en la catedral de Santiago* consiga el mismo éxito que las realizadas hasta hoy por Luis Gabú y agradecemos la colaboración entre el Consorcio de Santiago y la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria para que podamos disfrutar en nuestra ciudad de esta magnífica exposición.

Ángel Currás Fernández
Alcalde y presidente del Consorcio de
Santiago

El Instituto Cervantes tiene la satisfacción de sumarse a este nuevo proyecto que la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria de la Xunta de Galicia ha organizado para destacar la universalidad y la importancia cultural del fenómeno jacobeo y las peregrinaciones a Santiago de Compostela.

Arte y ritual en la catedral de Santiago recoge una selección de fotografías de gran formato del fotógrafo gallego Luis Gabú, realizadas durante el Año Santo Xacobeo 2010. Sus instantáneas no suponen una simple documentación de la experiencia, sino que surgen del profundo estudio sobre la religiosidad y las peregrinaciones que ha realizado el autor a lo largo de los años por todo el mundo, unido a su personal conocimiento de la catedral de Santiago.

Luis Gabú consigue una unidad en sus imágenes a partir del contraste entre opuestos –entre luces y sombras, entre movimiento y calma, entre la serenidad del camino y la pasión de los rituales–, que puede ser apreciada y aprehendida universalmente, más allá de idiomas y religiones.

La itinerancia de este proyecto llegará en 2014 a Asia, a través del centro que el Instituto Cervantes tiene en la ciudad de Tokio, uno de los más importantes de toda su red; abierto a la potente vida cultural de la ciudad y en constante diálogo tanto con el conjunto de embajadas iberoamericanas presentes, como con las instituciones culturales y universidades más importantes y prestigiosas de Japón.

La difusión de nuestro patrimonio cultural forma parte de los objetivos esenciales del Instituto Cervantes. Esta exposición que ahora se muestra en Tokio es un ejemplo del interés común que nos une a instituciones como la Xunta de Galicia, con la que compartimos proyectos que ponen en relevancia nuestra rica y diversa identidad cultural.

Instituto Cervantes

Esta exposición que se presentó en el Museo Nacional de Antropología de Madrid del 6 de junio al 1 de septiembre del 2013, siendo la comisaria Pilar Corredoira López, implicó para mí un gran reto artístico. Tratar de esculpir con una cámara fotográfica la emoción y pasión del ritual en la catedral de Santiago y los caminos nacidos de la misma me implicaba como artista seducir en todo momento a un gran dios o diosa y que mejor que el más universal y venerado durante miles de años por el hombre en todas las culturas del mundo, desde Japón con su diosa Amaterasu hasta el Antiguo Egipto con el dios Ra, desde la Antigua Grecia con Helios hasta los aztecas con Tonatiuh...

Hipnotizar con mis ojos a ese dios, al dios **sol**, era vital para que me acompañara a cada sugerente y misterioso rincón de la catedral para poder crear un universo de luces y sombras, esas luces y sombras que me habían acompañado por las Áfricas espirituales durante muchos años, desde Haití a Somalia.

En las Áfricas, la seducción de esa diosa o dios sol era una tarea fértil, pero ¿cómo seducir en una tierra de nubes y nieblas al dios sol para introducirlo en la catedral? Esa fue mi obsesión durante todo el proceso creativo para poder mantener la línea de mis anteriores proyectos.

Necesité analizar, estudiar, reflexionar y tomar notas sobre los movimientos del sol en torno a la catedral, como se comportaría cada hora, día, mes o estación del año para hacerlo coincidir con los horarios de culto. Hice mi propia cartografía del sol con respeto a la catedral y su penetración en la misma para poder marcar el estilo que había llevado en mis series de la espiritualidad africana y seguir así la línea artística e intelectual de luces y sombras que quise aplicar a la espiritualidad en el más amplio sentido de la palabra y en diferentes religiones.

En estos proyectos siempre traté de pensar como escultor y no como fotógrafo, traté de esculpir con la mentalidad del artista que dio volumen al Pórtico de la Gloria o a la escultura que retraté con los ojos vendados y en su mano un cáliz del que para mí emergía el sol que yo buscaba, pero que ella rechazaba con los ojos cubiertos con una venda.

Utilicé el sol como el cincel que vacía la piedra, la piedra de la oscuridad, para así golpear de forma minuciosa o contundente, pero siempre tratando de hacerlo en el punto preciso, sin que se rompa esa piedra de la oscuridad. Busqué dar forma escultórica a la fotografía, dar **atmósfera** y forma evitando las imágenes planas y vacías.

En el final del Camino de Santiago seguí buscando el sol, el sol que da forma a mi concepción artística de los grandes templos del Camino que para mí son sus árboles y el ritual abstracto de sus ramas. Traté de buscar en ellos el movimiento y la complicidad de luces y sombras que había captado en la toma del alzamiento del botafumeiro (página 28). Esa atmósfera en mi obra del botafumeiro y la influencia de la pintura de Antonio Saura me motivó a crear unas composiciones abstractas que denominé “El ritual del Camino”. Ese ritual del Camino que no solo invita a caminar, sino también a detenerse para contemplar y venerar esas catedrales arbóreas que nos brinda el Camino y cuyos sugerentes troncos y ramas simulan ser las columnas de esos templos de la naturaleza que envuelven y atrapan al peregrino.

LUIS GABÚ. ARTE Y RITUAL EN LA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

El fotógrafo y artista Luis Gabú prolonga en esta exposición su visión de la espiritualidad reflejada en otros de sus trabajos fotográficos, aunque en este caso no en países ajenos, sino en su propia tierra, en el fin del camino de Santiago y en el interior de la catedral de esta ciudad.

Este proyecto expositivo, que llega en 2014 a la sede de la plaza de Platerías del Museo de las Peregrinaciones y de Santiago, en Santiago de Compostela, e al centro del Instituto Cervantes de Tokio, muestra una selección de piezas fotográficas, realizadas por Luis Gabú como resultado de su experiencia e investigaciones llevadas a cabo sobre el fenómeno jacobeo y las peregrinaciones a Santiago de Compostela y a su catedral.

Desde su visión artística y poética, profundiza en el conocimiento de estos movimientos espirituales y aporta, gracias a la especial mirada en torno a las personas de diferentes nacionalidades y continentes que llegan a la catedral compostelana, después de un largo recorrido no exento de dificultades y experiencias, la propia visión de un hecho de fuerte tradición en la cultura europea que ha sobrevivido desde el siglo XII, en el que destacan entre sus principales cualidades la armonía y la pacífica convivencia.

La obra expuesta ofrece una doble visión interior de la catedral de Santiago de Compostela: un diálogo visual y artístico entre la suave calma y el estremecedor movimiento. A diferencia de otros templos religiosos en el mundo, la catedral de Santiago presenta al peregrino, dentro de su culto y ritual, no solo la paz y la serenidad, sino también el enérgico movimiento controlado del purificador y humeante botafumeiro, que se desliza sobre las cabezas de los peregrinos, para dibujar con su humo los trazos y los renglones de los caminos de Santiago. Esta catedral, que desde el siglo XII representa y acoge al apóstol Santiago, no podría abrirse al mundo de una forma más representativa y diferenciadora en su ritual: la unión entre la fuerza y la paz, entre la intensidad y la reflexión.

Desde el punto de vista artístico, el autor mantiene el lenguaje de otros proyectos, que consiste en la utilización de los contrastes entre luces y sombras, por ser en cierto modo estos contrastes los que tratan de explicar, organizar y darles sentido a las diferentes religiones del mundo: la vida y la muerte, el bien y el mal, la verdad y la mentira.

Las imágenes expresan en toda su riqueza visual y espiritual una evidente carga poética que acompaña a la realidad en la que se han tomado. Fueron captadas en el transcurso del Año Santo (Xacobeo) 2010 y reflejan con precisión la intimidad de un mundo verídico, pero al mismo tiempo mágico, configurado por la presencia de los peregrinos en su viaje o inmersos en la religiosidad envolvente de los rituales en el impactante, hipnótico y misterioso escenario de la catedral de Santiago de Compostela.

LUIS GABÚ

Luis López *Gabú* nace en A Coruña, España, aunque una parte de su vida transcurre en viajes solitarios por los lugares “donde habita el olvido”, aquellos que suelen estar fuera del mapa mental de los occidentales. Todos esos espacios marcarán su vida y la línea artística de su obra, en un intento de captarlos de una forma más intimista y personal, tanto en su obra fotográfica como en la pictórica.

Su trayectoria creativa procede de una fuerte vocación artística, unida al deseo de indagar otras formas de vida, otras culturas que muestran orgullosas la diferencia en un mundo globalizado. A través de ellas el autor comparte una mirada particular cargada de connotaciones antropológicas, con la intención, según sus propias palabras, de “rescatar aquellas costumbres de un pasado intemporal y situarlas en el contexto actual”.

Sus primeras etapas transcurren en Brasil, en la zona de Amazonía y preamazonía, pero también en Haití, Cuba, Santo Domingo o Colombia. Posteriormente comienza su ciclo más africano, que se inicia con viajes a Guinea Bissau, en donde da los primeros pasos de la suma de varios proyectos dentro de lo que el artista denomina “África espiritual”, que recorre la diversidad espiritual africana desde Senegal hasta Somalia, pasando por Mali, Argelia, Marruecos y Etiopía, para retratar así cinco formas de espiritualidad africana: islam, vudú sincrético, animismo, el cristianismo más puro y original, y las maternidades bajo el hechizo y visión del arte africano tribal. Resultado de este trabajo son las exposiciones *Vudú, el camino negro a Santiago, Madrasas de África, Cristianos puros de África, Áfricas, de Haití a Somalia ...*

Web Luis Gabú: www.luisgabu.com



Proximidade
Proximidad



Os templos do ritual
Los templos del ritual



galicia



XUNTA
DE GALICIA